

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO  
“O DESPERTAR DAS SEMENTES: O MONTE GALEGO”

## A. INTRODUCCIÓN

O CEIP de Torre-Cela é un centro educativo público de cento seis alumnos e alumnas, situado nunha zona rural, en Cela, a tres quilómetros do núcleo urbano de Bueu.

Como centro asumimos a tremenda responsabilidade educativa dos cativos e cativas do século XXI, onde a cantidade de información vai incrementando a pasos axigantados. Notamos que, non só os máis pequenos senón tamén os adultos, temos que asumir retos serios á hora de seleccionar e analizar con sentido crítico a información que se nos achega dende múltiples canles.

Por iso tentamos concienciarnos, e atopamos **xustificación** para esta forma de levar a cabo a nosa labor educativa, xa que o traballo por proxectos anima a fomentar este espírito crítico e a desenvolver ás competencias que como cidadáns debemos poñer en práctica. Pensamos que a Biblioteca Escolar é unha ferramenta fundamental neste proceso e o motor para levar a cabo a nosa labor educativa.

Notamos a necesidade de establecer un tema anual que tamén cohesione as conmemoracións que se celebran ao longo do curso, co fin de avanzar nun modelo de traballo colaborativo entre todos os niveis educativos.

Asumimos a responsabilidade de realizar traballos por proxectos, con distinta duración e intensidade nas etapas de infantil e primaria. Nos últimos cursos viñéronse realizando outros traballos por proxectos sobre os alimentos, sobre o mar, sobre a arte, os ríos e, o planeta Terra e o último curso sobre o patrimonio.

No sexto curso de primaria, o traballo realizado dentro do Proxecto ‘O despertar das sementes’ centrouse en dar valor ao monte galego e concienciar sobre a problemática dos incendios. Abarcamos contidos curriculares das áreas de Educación Artística, Matemáticas, Ciencias e Linguas.

O traballo dentro do proxecto ten por obxectivo primordial dar un pulo ao desenvolvemento

das competencias clave por parte de cada alumno/a: competencia lingüística, matemática, dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, en ciencia e tecnoloxía, sentido de iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais.

## **B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTO**

O claustro acordou que o centro de interese que se ía desenvolver ao longo do curso 2018/2019, baixo o título “O despertar das sementes”, sería o de contribuír á expansión de distintas árbores de gran arraigo e tradición nos bosques autóctonos galegos, e preservar unha das principais fontes de riqueza en Galicia. Interesábanos moito que a comunidade educativa establecera un maior apego á súa realidade máis próxima, descubriendo e valorando o medioambiente e implicarnos todos na creación dunha conciencia máis respectuosa co medio natural. Este obxectivo veuse tamén relacionado cun dos PFPP do centro, que se centraba na renovación e naturalización do noso patio.

Quinto e sexto de primaria centramos o proxecto na problemática dos incendios. As investigacións desenvolvéronse de xeito compartido, aínda que os intereses do alumnado ao longo da investigación levaron a que o alumnado de quinto profundara no traballo tradicional e as ferramentas para a extinción e o alumnado de sexto nos beneficios que aporta o monte, tanto naturais e sociais como económicos.

A nosa pretensión era que as actividades formuladas foran encamiñadas á desenvolver os seguintes obxectivos xerais:

- Desenvolver a actividade científica: procura, selección e comunicación de información en distintos soportes.
- Motivar ao alumnado a partir dunha aprendizaxe significativa, cooperativa e contextualizada.
- Desenvolver no alumnado o sentimento de responsabilidade e respecto polo patrimonio natural.
- Desenvolver a expresión oral e a produción de guións a través da Radio Faladoiro: entrevistas e outros programas

- Promover o coñecemento de flora e fauna autóctonas e invasoras da contorna.
- Localizar e utilizar a información obtida de distintas fontes e soportes.
- Exercitar a capacidade de observación e análise.
- Utilizar as posibilidades da expresión plástica para representar ideas, feitos e sentimentos.
- Produción de textos (descricións, biografías, entrevistas, redaccións, contos) e lectura comprensiva de textos informativos e narrativos relacionados coa temática
- Produción de materiais dixitais (resumos, presentacións, vídeos)
- Transmisión e difusión dos contidos investigados ao resto da comunidade educativa.

### C. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Nas primeiras xuntanzas de coordinación no mes de setembro-outubro o equipo de biblioteca realizou unha selección posible de temas relacionados co noso centro de interese.

Decidimos que o Proxecto se desenvolvería durante todo o curso escolar e que toda a comunidade educativa estaría implicada.

Temos que diferenciar dous bloques de **participación** no proxecto, complementarios entre sí:

- Todas as conmemoracións do curso escolar estarían relacionadas co tema escollido e coordinadas polos equipos de Biblioteca, TICs, Voz Natura e Dinamización da Lingua (Samaín, Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido, festivais) e participación nas actividades de investigación e fomento da lectura/escritura programadas polos equipos de Biblioteca e Dinamización.
- Traballo de cada nivel no que o equipo de profesores dese grupo programa actividades de interese relacionadas co tema elixido.

Establecemos os pasos para proxectar:

1. **Fase de motivación:** Visitas de expertos, saídas ao entorno e sesión dinamizadora na biblioteca coa entrega do caderno de investigación para cada alumno. No caso do grupo de sexto, a actividade de motivación foi saída á Aula de Natureza de Cabo Udra

para observar a flora e fauna autóctonas e coñecer un espazo protexido de gran valor medioambiental e recreativo.

2. **Fase de investigación:** Cada grupo/nivel afonda na súa temática, realizando actividades de procura e análise da información, tanto na aula como na casa. O grupo de sexto realizou saídas, visitas de expertos e un traballo de investigación seguindo as actividades propostas nunha plataforma dixital. ( [ligazón](#))
3. **Fase de comunicación:** Cada curso realiza unha exposición do aprendido para todo o alumnado. Realízanse ademais a exposición do produto final. ( [Ligazón á presentación](#))

En base a estes obxectivos xerais concretamos os contidos, as tarefas, recursos, metodoloxía e formas de avaliación, integrando o traballo do Proxecto na súa dinámica diaria de clase, co fin de potenciar o desenvolvemento das competencias anteriormente citadas.

Realizáronse reunións mensuais conxuntas dos equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua para programar, organizar e avaliar todas as propostas que se planificaban a nivel trimestral.

A proposta do Proxecto baséase no traballo en rede, de xeito cooperativo e interdisciplinar, a nivel de aula, de centro, de entorno local e a través da comunicación a través da comunicación dos blogs do centro.

Todas as actividades e propostas didácticas estarán guiadas polos seguintes principios metodolóxicos:

- Participación activa do alumno na construción do seu coñecemento.
- Traballo cooperativo a través da aplicación de técnicas concretas como o lapis ao centro, o 'quebracabezas' ou lecturas compartidas.
- Traballo colaborativo: o proxecto construírse coas achegas de cada alumno. Para iso facilitaranse canles para compartir coñecementos e investigacións (Padlet e recuncho de información na aula)
- Actividades significativas: toda a investigación desenvólvese ao redor da realidade máis

próxima dos alumnos, para que se sintan involucrados no proceso e motivados.

- Proxección do resultado final. Buscarase darlle relevancia ao traballo elaborado, dándolle unha proxección final: exposición do proxecto, emisión dun programa de radio...

#### D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO

- ✓ [Investigamos nos nosos murais](#). Tanto nas conmemoracións como nas exposicións de traballos. Elaboramos fichas para investigar nestes murais.
- ✓ Plan Anual de lectura: itinerarios lectores relacionados co proxecto. No caso de sexto, todo o alumnado leu 'La Voz del Árbol'. E ademais os participantes no club de lectura, 'La senda escondida'.
- ✓ Cadernos de investigación. Neles plasmamos todo o que imos traballando, investigamos, debuxamos...
- ✓ Cantigas para o Entroido. A nosa comparsa titulouse "O incendio en Chans": unha brigada de veciños de Cela acoden coas ferramentas que teñen na casa para apagar un lume nunha tomada de Chans.
- ✓ Fichas de elaboración de noticias sobre o proxecto na Semana da Prensa.
- ✓ Lecturas e fichas de comprensión lectora.
- ✓ Programas de radio.
- ✓ Modelos para Escornabots.
- ✓ Lapbook sobre Wangari Maathai para o día da Paz.
- ✓ Producións do alumnado: anuncios para usar a biomasa, decálogo para coidar o monte, noticias e entradas no blog sobre as saídas e visitas... ([padlet do proxecto](#))
- ✓ Guía para facer a investigación do proxecto a través dunha [paisaxe de aprendizaxe](#)'.

## E. RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

1. Tarefas que se engloban no traballo , sempre contando co soporte da Biblioteca Escolar.  
Seguindo o modelo de traballo epistemolóxico dividimos o traballo realizado en tres fases:
  - FASE 1: MOTIVACIÓN E BUSCA DE INFORMACIÓN, englobanse todas as tarefas relacionadas con *“expor, localizar e recuperar”*
  - FASE 2: TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, nesta fase englobanse todas as tarefas relacionadas con *“manipular, interpretar e analizar”*
  - FASE 3: COMUNICACIÓN DO COÑECEMENTO, nesta fase englobanse todas as tarefas relacionadas con *“aplicar, crear e compartir”*
2. Actividades xerais coordinadas polos equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua relacionadas co Proxecto “O despertar das sementes”, e nas que estivo implicada toda a comunidade educativa.
  - Programación do Proxecto “O despertar das sementes”: selección de contidos curriculares, reparto de temáticas por cursos, elaboración de modelos de fichas de investigación, preparación dun agasallo para todo o alumnado (caderno de investigación)
  - Selección de libros relacionados coa temática a traballar para todo o centro: “O despertar das sementes”, tanto de consulta como informativos. Colocación no expositor frontal da sala e tamén no corredor, con carteis indicadores.
  - Fase inicial do Proxecto “O despertar das sementes: Nas aulas traballouse o conto: “A árbore da escola”, de Antonio Sandoval, acompañado de pictogramas nalgunhas aulas. Despois tiveron que pensar que árbores lles gustaría ter na escola e elaboralo para facer un mural colectivo: “As árbores da escola”. O alumnado de sexto redactou como lles gustaría que fose a súa árbore. Tamén se fixo a entrega do caderno de investigación, onde poder anotar, debuxar ou plasmar todos os datos das súas investigación. O alumnado de 4º e 6º visitaron a [aula da natureza de Cabo Udra](#), para

coñecer a flora e fauna autóctona e dar valor a este espazo de Bueu de gran valor natural.

- Samaín: Selección de libros: “Sementando medo”. Ambientación da biblioteca e do centro (exposición de cabazas decoradas en familia en base a temática do noso proxecto)
- Magosto: Decoramos os nosos cartóns para as castañas con motivos relacionados coa temática do proxecto.
- Club de lectura de 5º e 6º de EP: “La senda escondida” de Ana Alonso. O alumnado elaborou un mural coas imaxes das árbores e follas que aparecen no libro e escribiron o seu nome en diferentes linguas.
- O alumnado de 3º a 6º [visitaron o MUNCYT na cidade da Coruña](#). Alí realizaron obradoiros para experimentar os efectos do incendios na terra, especialmente no relativo á erosión e á diminución de osíxeno na terra.
- Mes da ciencia en galego: Na biblioteca os venres de novembro no recreo fixemos experimentos de botánica, relacionando esta conmemoración co noso proxecto: “O despertar das sementes”. Ademais cada aula fixo un experimento, que gravou en [vídeo](#) e o reflexou nun pequeno mural. O grupo de sexto, realizou un experimento para ‘cultivar microorganismos’ e outro para comprobar como as plantas fixan a auga e evitan a erosión da terra. Fixemos unha [exposición](#) dos traballos de aula e acompañados dalgúns experimentos no corredor da biblioteca. Para rematar o alumnado visitou a exposición e cubriu unha ficha co experimento que máis lles gustou.
- Día Internacional dos bosques autóctonos. Previamente traballáronse nas aulas dúas lecturas: “A árbore da escola” e “O carballo con botas”. En base a ambos libros elaboramos un mural colectivo coas nosas árbores ideais e tamén plantamos castañas e landras en botas vellas. Relacionamos esta conmemoración co noso proxecto, coa intención de mellorar a contorna do noso patio e da nosa aldea, xa que pretendíamos plantar todas as sementes xerminadas

- Día Internacional contra a violencia de xénero: No centro o celebramos facendo un gran mural “Sementando o respecto” coas nosas mans e palabras para a entrada do colexio. Infantil elaborou cadros coa planta e a semente coas súas mans e os puxeron no seu corredor. Para celebrar ese día, todo o alumnado saíu ao patio a escoitar o manifesto realizado por 1º, 2º e 3º de Primaria e cantamos a canción composta polo mestre de música “Contra a violencia de xénero”. O manifesto foi gravado en Radio Faladoiro.
- Nadal: O alumnado elaborou con paus, follas, piñas... adornos que colgamos de ramas nos corredores e na entrada con troncos fixemos unha árbore co título: “Sementando ilusión no Nadal”. As familias fixeron tarxetas cun acivro para decorar e con desexos de Nadal. E na entrada colgamos acivro acompañado da súa lenda. Elaboramos postais relacionadas co noso proxecto para felicitar as festas aos outros nen@s do centro. O alumnado de 3º a 6º realizou o intercambio dentro do programa T+t. Fixemos un festival de Nadal no que participou todo o alumnado, relacionando as actuacións coa temática do proxecto. O alumnado de sexto interpretou a canción ‘Mon bon sapin’ en inglés, francés e galego.
- [Día da Paz](#): a biblioteca fixo unha selección de fondos relacionados con esta conmemoración: “Sementando a Paz”. Dito día saímos ao patio todo o alumnado; 4º e 6º de Primaria (T+t) leron un [manifesto](#) elaborado por eles e despois cantamos a canción: “Apertas que voan” de Paco Nogueiras. Traballamos durante varias semanas a Wangari, muller que sementou un forte pensamento ecoloxista. Leuse o conto: “Wangari e as árbores da paz”, nalgunhas aulas a lectura foi acompañada de pictogramas. Elaboráronse modelos para os Escornabots para ordenar cronoloxicamente o conto traballado (Infantil e 1º e 2º) e outra da biografía de Wangari para o alumnado de 3º a 6º de Primaria. Elaboráronse follas con mensaxes de paz para poñer nos corredores. Co equipo de Dinamización e alumnado voluntario elaborouse o mural “Espallando verbas de paz”, no que aparecía a letra da canción “Apertas que voan”. Torriño agasallou ao alumnado con



libros do expurgo: “Sementando libros pola paz”. Fixemos programas de radio especiais pola paz nos que se presentaron as actividades desta conmemoración, leuse o manifesto e mensaxes das follas, entrevistaron aos compañeir@s dito día e coloquio sobre os dereitos humanos realizado polo alumnado de 4º e 6º de Primaria.

- Entroido: Elaboración dos disfraces relacionados coa temática do proxecto (5º e 6º de Primaria: brigada antincendios). Cantamos unha canción sobre un incendio en Chans e desfilamos como unha comparsa aberta a toda a comunidade educativa.
- Día Internacional da Muller: Selección de libros desta temática co título: “Mulleres e ciencia”. Para conmemorar dito día recibimos a visita de nais que teñen traballos relacionados coa ciencia (física, bióloga e oceanógrafa) e foron entrevistadas en [Radio Faladoiro](#). Tamén saímos ao patio e escoitamos o manifesto elaborado polo alumnado de 5º de Primaria, no que contaban experiencias das mulleres da súa familia e a relación co monte e o campo.
- Semana da prensa relacionándoa co “Día da Muller Traballadora”. Elaboramos un mural cos artigos nos que redactaron o acontecido coas visitas das nais o día 8 de marzo.
- Día Mundial da Poesía: Exposición de libros: “Sementando poesía”. Obradoiros de poesía con poetisa buenense Miriam Ferradáns, onde todo o alumnado escoitou e leu versos, xogaron coas verbas e deixaron voar a imaxinación, creando pequenos poemas de forma cooperativa. Elaboración do mural: “Espallando verbas poéticas”. O alumnado de sexto compuxo poemas relacionados co proxecto e representounos en caligramas.
- [Día Internacional dos Bosques](#). Tino Resille, escultor da zona e artesán da madeira, explicou como usar de xeito responsable este produto que aportan os bosques. O alumnado coñeceu as ferramentas, os tipos de madeira e as súas aplicacións. Tino realizou unha escultura de madeira coa que agasallou ao centro.
- "Abril, mes dos libros": Exposición de fondos: “Sementando libros”. “Booktubers”. Todo o alumnado seleccionou unha lectura para recomendar e gravamos en vídeo emulando aos “booktubers” de moda. O 30 de abril pasamos pola biblioteca para vernos todos en

pantalla. Animación de Anxo Moure, quen sementou o amor e o respecto polas árbores e os bosques. IX Intercambio de libros: Cada neno/a e profesor/a trae da casa un libro para intercambiar cun lector do seu nivel. O fixemos antes das vacacións para desfrutar con calma deles. "Hoxe no patio, libro!": Sacamos libros ao patio e aproveitamos ese rato de lecer para ler e compartir historias. Apadriñamentos lectores: Saímos todos ao patio na hora de ler. Dentro do programa T+t o alumnado de 4º e 6º (tutorizados e tutores) leron aos máis pequenos (Infantil, 1º e 2º). Eles seleccionaron unha lectura e preparárona previamente para compartila cun lector máis cativo.

- [Celebración das Letras Galegas](#): Selección de fondos de Antonio Fraguas e exposición de libros: "Sementando Letras Galegas". Cada aula elaborou unha copla en galego (escribilo e decoralo) para expoñer no patio. Celebramos a I Romaría Escolar. Todo o colexio foi ao monte de Chans e plantamos as árbores que naceron das castañas e landras plantadas en novembro nas botas; fixemos xogos populares, merendamos e desfrutamos da música tradicional do grupo Retrouso de Cela. Rematamos recibindo un agasallo (buxaina) por parte do Equipo de Dinamización. Xogaron cos Escornabots con modelos sobre algúns escritores e escritoras homenaxeados (Antonio Fraguas entre eles) nas Letras Galegas.
  - Dentro do proxecto de humanización e naturalización do patio, o alumnado de sexto xunto co de infantil, [plantaron herba e árbores no patio](#).
- Saída de 3º a 6º de Primaria ao Lago de Castiñeiras. Coñeceron distintas árbores autóctonas e as súas características. Tamén lles falaron das invasoras e por que prexudican. O alumnado de 6º de Primaria elaborou unha nova do que fixeron na visita para [publicala no blog](#) e a [gravaron en Radio Faladoiro](#).

#### Actividades específicas realizadas polo grupo de sexto de primaria:

- Na área de música, o alumnado compuxo [cuñas radiofónicas](#) sobre o proxecto, creou texto e música e o gravaron na Radio.
- 6º de Primaria creou cómics en inglés co título: "Aventura de una semilla".
- Proceso de investigación [do proxecto](#). O proceso dividiuse en catro etapas:

- Unha primeira etapa para coñecer que [beneficios](#) aporta o monte galego. O alumnado realizou un conxunto de actividades (incluída a visita á lagoa de Castiñeiras) para coñecer os beneficios ecolóxicos, sociais e económicos que aportan os montes galegos. Tamén investigaron sobre as árbores autóctonas galegas e as súas características. Realizaron esquemas, presentacións, noticias e programas de radio que compartiron no [Padlet](#) do proxecto.
- Nunha segunda fase, centrámonos nos [beneficios económicos](#) que aporta o monte galego. Traballamos as fontes de enerxía e, concretamente a biomasa. O alumnado realizou carteis publicitarios falando dos beneficios da biomasa. Nesta fase, investigaron tamén a relación da fábrica de celulosas Ence de Pontevedra cos montes galegos. Buscaron información, preguntaron a veciños e familiares e prepararon argumentos para participar nun debate de clase.
- Na terceira etapa do proxecto, investigaron sobre os incendios. Traballaron contidos de ciencias da natureza como as reaccións químicas, as combustións. Realizaron procura de información sobre as especies pirófitas, as condicións óptimas para que se produza un incendio e os medios de extinción.
- Como remate do proxecto, o alumnado realizou un [decálogo](#) no que se recollían as 'boas prácticas' para coidar o monte. Para elaborar este decálogo empezaron cun traballo en pequenos grupos que despois púxose en común e acordaron cales eran as 10 mellores propostas. Para elaborar o cartel final empregaron a aplicación 'Canva'.
- Exposición do aprendido, elaborado e vivido durante este curso no noso proxecto por parte de todo o alumnado do centro. Cada grupo expón e asiste ás sesións de exposición dos demais compañeiros. O alumnado de sexto elaborou unha presentación explicando os pasos da súa investigación e amosou o traballo final. ([blog de sexto](#))

## F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

- Elaboración propias de presentación en Power Point, arquivos de texto, audio e vídeo.

- Aplicacións para a presentación de contidos: Genially, Padlet, Canva...
- Recursos fotocopiabiles
- Material plástico, funxible e de refugallo
- Murais, láminas, fotografías
- “*Proyectos Documentales Integrados*”, Rosa Piquín, Gobierno de Navarra
- Recursos bibliográficos e páxinas web da Biblioteca do Centro. Algúns exemplos:
  - “A árbore da escola”. A. Sandoval. Editorial Kalandraka
  - “O carballo con botas”. A. Moure. Sotelo Blanco Edicións
  - “Wangari y los árboles de la paz”. J. Winter. Ediciones Ekaré
  - “Wangari Maathai. La mujer que plantó millones de árboles”. F. Prevot. Editorial Blume
  - “La senda escondida”. A. Alonso. Editorial Anaya
  - “Inventario de flores”. V. Aladjidi e E. Tchoukriel. Editorial Kalandraka
  - “Inventario das árbores”. V. Aladjidi e E. Tchoukriel. Editorial Kalandraka
  - “A árbore xenerosa”. S. Silverstein. Editorial Kalandraka
  - “Guía das árbores e bosques de Galicia”. F.J: Silva-Pando e A. Rigueiro Rodríguez. Editorial Galaxia
  - “Guía de árbores de Galicia”. H. Niño Ricoi e C. Silvar. Baía Edicións
  - “La voz del árbol”. V. Muñoz Puelles. Editorial Anaya.

## G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o alumnado, profesorado e persoal non docente do centro estivo implicado activamente nas actividades do Proxecto.

No tocante ás familias destacar:

- ✓ Participación nas investigacións: aportando murais, redacción de traballos na casa, busca en internet sobre as preguntas propostas.
- ✓ Participación nos obradoiros organizados polo Samaín e confección de cabazas.
- ✓ Colaboración e participación na elaboración das tarxetas de acivro en Nadal.

- ✓ Traballos dos cadernos das mochilas relacionados co proxecto
- ✓ Colaboración co club de lectura
- ✓ Participación nas charlas no Día Internacional da Muller

## H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

As paredes dos corredores albergaron, durante todo o curso, varios murais colectivos, cos traballos plásticos, fotografías, información sobre a horta, as árbores e os bosques.

Ademais, durante o mes de maio e xuño adicamos varias sesións a intercambiar todo o aprendido sobre “O despertar das sementes”. A Biblioteca foi o espazo de exposición, na que todo o alumnado participou activamente, como xa reseñamos con detalle anteriormente.

Parte das actividades realizadas e a información interesante relacionada co proxecto foi colgada no blog da Biblioteca <http://torredaspalabras.blogspot.com.es/>, e no blog de ciclo, no que o propio alumnado redactaba a entrada: <https://ceipdatorrecelasegundociclo.blogspot.com/> e no blog de Voz Natura: <http://blogs.voznatura.es/torrecela/>

Este curso fomos seleccionados para participar no programa “Biblioteca creativa”, polo que traballamos cos Escornabots elaborando modelos relacionadas coa biblioteca, proxecto de centro e conmemoracións. E tamén nos seleccionaron para o programa “Radio na biblio”, no que recibiron formación alumnado dende 2º ata 6º de Primaria. Todos os programas están subidos á plataforma [iVoox](https://www.voovox.com/). Consideramos estas dúas ferramentas como recursos de gran importancia a nivel motivacional e a nivel curricular.

## I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO

A avaliación foi continua, cada actividade foi valorada nas postas en común dos equipos e docentes implicados no Proxecto que se realizaron mensualmente. Tivemos moi en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado.

Cómpre diferenciar tres tipos de avaliación.

- **Biblioteca:** Valorou a interdisciplinariedade do Proxecto, aprendendo a artellar propostas curriculares transversais, no que todo ten relación con todo. Valorou tamén as posibilidades dos recursos aportados pola Biblioteca, como fonte de coñecemento, como lugar de intercambio, como elemento artellador do proxecto común de centro.

- **Autoavaliación do profesorado:**

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe?
- Que é o que mellor funcionou?
- Que contidos son os que máis dificultades na súa aprendizaxe supuxo ao alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento do Proxecto? Por que?

No presente curso trazamos unha liña de actuación máis clara para priorizar e concretar máis o traballo.

Fáltanos practicar e o asumimos, pero consideramos que aprendemos dos erros e que estamos no camiño.

En definitiva o 100% do profesorado participou activamente no proceso e valorou positivamente esta forma de traballar os contidos e fomentar o desenvolvemento das competencias básicas.

- **Alumnado:** Centrámolos nunha avaliación cualitativa, sendo conscientes dos resultados positivos e da motivación do alumnado, observando un claro avance no interese polo coidado, respecto e valoración do ecosistema.

As actividades específicas de sexto incluídas na 'paisaxe de aprendizaxe' foron avaliadas por medio de rúbricas de aprendizaxe ([exemplo](#)), cuestionarios de autoavaliación e coavaliación.

A transferencia do coñecemento indica que o traballo estivo ben realizado, e o alumnado soubo transmitir a información aprendida aos seus compañeiros e mestres.

## J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

Partindo do centro de interese xeral asumido polo claustro a principio de curso, a Biblioteca emprendeu o camiño e trazou os pasos que artellan o proxecto. Actualizamos o Plan Anual de Lectura, adquiríronse os recursos relacionados coa temática que se precisaron para desenvolver o Proxecto e utilizouse a sala para realizar os distintos traballos segundo os horarios establecidos a principio de curso.

Entendemos que o equipo de Biblioteca é un axente creador, dinamizador e seleccionador de recursos didácticos. Por iso, para favorecer a educación documental, dito equipo trazou propostas concretas que facilitaron ao alumnado e docentes a busca de información. A coordinación co equipo directivo foi constante, para levar a cabo a planificación e o calendario de realización das actividades.

A Biblioteca aporta ao desenvolvemento do Proxecto organización, estabilidade, espazo, documentos, TICs, formación de usuarios, formación para docentes, motivación, difusión, asesoramento... en definitiva, un impulso para poñer en práctica unha pedagogía participativa e globalizadora.